

O ARQUIVO DO GALEGO ORAL E O SEU APROVEITAMENTO LEXICOGRÁFICO

Francisco Fernández Rei / Carme Hermida Gulías

Instituto da Lingua Galega (USC)

Desde a súa creación en 1971, unha das principais liñas de investigación do Instituto da Lingua Galega (ILG) da Universidade de Santiago de Compostela foi a recolleita sistemática do galego oral tanto na Galicia administrativa como nas comarcas estremeiras do Eo-Navia (Asturias), O Bierzo (León) e As Portelas (Zamora), onde o galego tamén é lingua propia.

Ese material usouse para redactar monografías léxicas ou gramaticais ou para ser cartografado, como ben se pode ver nos volumes editados do *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)*, nos de morfoloxía e fonética dos anos 90 e nos volumes léxicos que desde o 2003 se comezaron a publicar e que en conxunto constituirán unha excelente achega para redactores de dicionarios e doutras obras lexicográficas.

Cando aínda estaba inédito, moito deste material oral utilizouse nas diversas propostas de codificación morfolóxica e léxica realizadas desde mediados dos anos 70 polo ILG, en solitario ou en colaboración con outras entidades, particularmente coa Real Academia Galega. Os paradigmas verbais da normativa vixente ou os nomes dos días da semana e dos meses do ano, por poñer só uns exemplos, son como son en boa parte mercé ó revelado e posterior interpretación de fotos do galego oral realizadas por investigadores do ILG.

Ademais, especialmente desde 1974, diversos membros do Instituto rexistraron ininterrompidamente etnotextos na práctica totalidade do dominio lingüístico galego, á vez que dirixiron traballos académicos de moi diverso tipo onde o material estudado eran mostras orais con unha ou con máis dunha persoa informante. Estas gravacións, algunhas con máis de 30 anos de vida, xunto con moitas outras fornecidas por xente que non é do ILG, pero que as depositou alí para que estean a disposición dos investigadores, constitúen o esencial do *Arquivo do Galego Oral*

(AGO). Na xénese deste Arquivo está o labor pioneiro de Constantino García, fundador do ILG, e tamén o de Antón Santamarina, que nos animaron a moitos, cando eramos estudantes universitarios, a recoller e traballar o galego oral.

Nesta presentación trataremos en primeiro lugar o estado xeral do AGO e dos traballos e publicacións que del derivaron; e a seguir daremos unha mostra do aproveitamento léxico dese material.

1. ESTADO DO ARQUIVO DO GALEGO ORAL

O AGO contaba a finais do 2006 con máis de 2.000 horas de gravacións, con voces duns 7.000 informantes rexistradas na maioría dos 315 concellos de Galicia e tamén en boa parte dos 38 concellos de fala galega de Asturias, León e Zamora. Tamén conta con mostras dos concellos cacereños do Val de Xálima (ou Val do Ellas) onde se emprega un “falar também esencialmente galego”, en palabras de Lindley Cintra (1959: 536).

Dun xeito moi aproximado podemos dicir que un terzo de todo o material do AGO, se cadra algo máis, está transcrito e clasificado por temas; outro terzo está simplemente oído e clasificado tematicamente, mentres que do terzo restante só hai rexistro das gravacións, e aínda non de todas.

O AGO confórmano actualmente cinco subarquivos: tres de etnotextos, clasificados cronoloxicamente, un de música popular e outro de textos nun rexistro formal. Imos describir con máis detalle o estado dos subarquivos de etnotextos, por seren os de maior interese para o aproveitamento lexicográfico¹.

1.1. Subarquivo de etnotextos do Atlas Lingüístico Galego

Existe un subarquivo de etnotextos do *ALGa*, gravados entre novembro de 1974 e maio de 1977 polos investigadores de campo do atlas (Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Manuel González González). O ideal era facer algunha gravación en cada un dos 167 puntos enquisados, e de xeito especial nas áreas onde se usaban marcadores sociolingüísticos como a gheada e o seseo para ter unha mostra oral deses fenómenos; pero en bastantes sitios non foi posible obter unha mostra oral por seren reticentes os informantes a deixárense gravar.

Hai que ter en conta que daquela –mediados dos 70– o desprestixio social do galego a nivel popular era practicamente total e a situación so-

1. Unha descrición detallada de cada un dos subarquivos do AGO pode verse en Fernández Rei (2004a).

ciopolítica (derradeiras boqueadas do franquismo e pánico no poder a que a revolución portuguesa do 25 de abril do 74 se propagase a España) non invitaba a xente a deixarse gravar por descoñecidos, aínda que fose para falar do entroido ou da mata do porco. Outra cousa era falar e contestar preguntas, sobre todo léxicas, sen que quedase constancia gravada. E aínda así, rexistráronse algúns etnotextos excelentes temática e lingüisticamente.

A este subarquivo pertencen tamén gravacións complementarias dos puntos enquisados para o *ALGa*, realizadas entre 1979 e 1983 en lugares da Terra Chá, do tramo medio do Lérez e do tramo final do río Miño, todas elas de grande interese etnográfico e socioeconómico, á parte do lingüístico. A maior parte destas gravacións realizáronas a comezos dos 80 Rosario Álvarez e Francisco Fernández Rei.

Os textos do subarquivo do *ALGa* están transcritos, informatizados e concordados. Nestes momentos, as dúas persoas que presentamos este traballo estamos ultimando a preparación da edición deses textos, á vez que estamos a redactar un glosario con todo o material léxico.

As gravacións do *ALGa* son as mostras orais máis antigas que se conservan no ILG. Con todo, hai algúns etnotextos anteriores, mesmo de cando non existía oficialmente o Instituto, uns editados na revista *Verba* e outros inéditos, pero deles non se conserva a gravación.

Todos estes textos constitúen un documento único para coñecer o estado do galego oral nunha fase en que non existía ningún tipo de oficialización e ningunha variedade estandarizada e socialmente implantada que puidese influír no galego popular. A xente falaba, e facíao como lle transmitiran o idioma, coa súa enxebre fonética, enxebre gramática e enxebre fraseoloxía, e tamén con moi diversas interferencias do castelán, sobre todo léxicas.

1.2. Subarquivo de etnotextos dos anos 80

Son unhas 350-400 horas rexistradas entre 1979 e 1991, sobre todo no período 1979-1985. A finais dos 70 e comezos dos 80, antes de que se implantase e xeneralizase a lingua galega como materia obrigatoria no ensino non universitario, o Instituto de Ciencias da Educación da USC encargoulle ó ILG a organización e impartición de cursos de galego para o profesorado de Ensino Xeral Básico. No nivel superior, ademais de traballar con textos literarios e da prensa diaria, acordouse facelo con mostras orais de diferentes áreas lingüísticas tiradas dos etnotextos do *ALGa*, en papel e en soporte oral. Logo a persoa que impartía o curso facía que mes-

tras e mestres traballasen en grupos con material recolleito na comarca onde exercían, co fin de analizar a fala da zona.

Moitas desas gravacións depositáronse no ILG, igual que se depositaron moitas outras feitas entre 1980 e 1985 por alumnado de diferentes titulacións de Filoloxía que cursaban a materia de Lingüística Románica I impartida por Francisco Fernández Rei, que no seu día supervisou cada unha das transcripcións. Eran uns anos en que só existía unha subsección de Filoloxía Galega-Portuguesa e non había unha licenciatura de Galego, e os que ían ser profesores de galego no ensino medio só tiñan unha materia de Lingua Galega no 3º ano (logo implantaríase en 4º e 5º), polo que se considerou que era un excelente exercicio que o alumnado fixese algún tipo de análise do galego oral popular para estudar tanto as características do galego como as diversas interferencias.

Xeralmente os textos dos anos 80 son gravacións dunha soa persoa informante, moitas veces da primeira xeración, con gran riqueza temática. Só unha pequena parte deste material está informatizado.

1.3. Subarquivo de etnotextos dos anos 90

Nos anos 90 constituíuse no ILG un amplo subarquivo de textos orais, mercé á concesión de dous proxectos: un do Ministerio de Educación e Ciencia para a creación dun Arquivo Dialectal da Lingua Galega no período 1992-95; e outro da Xunta de Galicia para implementar ese Arquivo no período 1996-98. A este material engadiuse outro depositado por xente allea ó ILG, particularmente o recollido por estudantes das Facultades de Filoloxía e Ciencias da Comunicación da USC para traballos sobre galego oral.

En 1992 os membros do proxecto inicial realizamos unha planificación do traballo de campo co moi utópico obxectivo de obtermos en tres anos unha mostra da maioría das 3.768 parroquias galegas, á parte de mostras do galego das comarcas estremeiras. Tamén queríamos, na medida do posible, ter rexistros de varias xeracións dun mesmo lugar.

En xaneiro do 1999 o subarquivo de etnotextos dos 90 continúa unhas 1.200 horas de gravacións, coas voces de 4.434 informantes de diversas xeracións, pertencentes a 271 concellos de Galicia e das comarcas estremeiras de fala galega, a 1.312 parroquias e a máis de 2.000 lugares. A provincia de Pontevedra é a mellor representada, cun *varrido* parroquia por parroquia en diversas comarcas, sobre todo centro-meridionais.

Parte deste material oral dos anos 90 empregouse especialmente para redactar memorias de licenciatura sobre unha parroquia (Hío-Cangas, Loureiro-Cotobade, Viceso-Brion) ou sobre un concello (Forcarei, Frades,

San Cosme de Barreiros...) ou para redactar traballos de cursos de doutoramento en que se analizaban aspectos da oralidade das parroquias dun concello (O Grove, A Estrada, Padrón, Vilardevós). Son investigacións xeralmente cunha ampla escolma de textos orais transcritos, sempre con mostras de diversas xeracións acompañados dun glosario ou dun estudo fonético e/ou morfolóxico ou das interferencias.

Aproximadamente un terzo deste inxente material está transcrito e/ou comprobado acusticamente para fichalo tematicamente, pero só unha parte das transcricións se informatizaron. E este subarquivo dos 90, aínda que de xeito intermitente, seguiu aumentando con etnotextos rexistrados nos comezos deste milenio.

1.4. *Subarquivo de música popular*

Está depositada no ILG unha copia de todo o material sonoro dos sete volumes do *Cancioneiro Popular Galego* de Dorothé Schubarth e Antón Santamarina, que entre 1984 e 1995 editou a Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Son unhas 350 horas de gravación recollidas en 82 concellos de Galicia e en 13 concellos da franxa estremeira de Asturias, León e Zamora. A maior parte do material recolleuno Schubarth entre 1978 e 1983; pero hai material de diversa procedencia, como cantigas rexistradas por Santamarina en 1968 na Fonsagrada ou cantigas e romances de 1975 procedentes de gravacións do *ALGa*.

Schubarth transcribiu as melodías, mentres que Santamarina fixou a transcripción lingüística dos textos, reflectindo do xeito máis fiel posible a oralidade, con seseos e gheadas, con rotacismos e contraccións e coas interferencias do castelán (e dos galeguismos en cantigas neste idioma), o que fai que este *Cancioneiro* sexa un inestimable documento lingüístico, á parte do innegable valor de recolleita musical.

1.5. *Subarquivo de textos en rexistro formal*

Empezouse a formar no ano 1996 e conta actualmente con máis de 100 horas de gravacións. Trátase especialmente de conferencias sobre temas relacionados coa realidade sociocultural de Galicia, así como presentacións de libros e diversos actos, moitos deles realizados en Santiago de Compostela.

Unha parte destas gravacións, as que corresponden ás conferencias e mesas redondas do *I Congreso Internacional: A Lingua Galega, Historia e Actualidade* organizado polo ILG en setembro do 1996, fornecéunola o Ar-

quivo Sonoro de Galicia do Consello da Cultura Galega; pero a maior parte do material gravámolo os autores deste traballo. Ademais, este subarquivo contén algunhas gravacións de emisoras locais de radio que emiten en galego, dalgunhas televisións locais e algúns programas da TVG de grande interese lingüístico e etnográfico.

1.6. Arquivo Oral das Linguas Minorizadas

O AGO complementábase cun *Arquivo Oral das Linguas Minorizadas* (AOLM), cunhas 150 horas de gravacións en diferentes idiomas (entre eles o galego) sobre aspectos da problemática da estandarización e da vitalidade etnolingüística das linguas e variedades minorizadas, especialmente do ámbito románico, así como textos en diversos rexistros destas linguas, particularmente do sardo.

A maioría son gravacións feitas por Francisco Fernández Rei desde 1996 en moi diferentes territorios da Romanía europea, entre as que cómpre salientar conferencias sobre a situación do aragonés, mirandés, occitano, esloveno do Friul, friulano e sardo. Algunhas son entrevistas ou ben lecturas de textos escritos en linguas románicas minorizadas a cargo de falantes nativos.

Tamén hai gravacións tiradas da radio, especialmente de finais da década de 1980 relativas á problemática do galego de Asturias, xunto con CDs e cassetes comercializados con etnotextos ou ben con música de raíz e doutro tipo de diferentes linguas románicas minorizadas. Este arquivo foise creando coa finalidade de xuntar material sonoro de apoio para as clases das materias Variedades Románicas Minorizadas e Sociolingüística Románica de titulacións de Filoloxía da USC.

1.7. Resultados e publicacións do AGO

Ata o momento tirouse relativamente pouco froito do inxente material do AGO, tendo en conta o moito traballo investido na recolleita por todo o dominio galego e, sobre todo, o moito traballo de calada e fatigosa transcripción.

Na década de 1990 fíxose unha ampla escolma de textos transcritos de diversas áreas dos tres bloques lingüísticos do galego, que se usou para diversos traballos académicos e que Antón Santamarina introduciu no *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (TILG), de igual xeito que incorporou diversas coleccións de etnotextos dos 90, polo que léxico do AGO navega entre o inmenso caudal léxico literario e científico do TILG.

Con material dos anos 90 realizáronse diversos traballos de investigación dirixidos por membros do proxecto do AGO, tal como máis arriba se dixo, á vez que profesorado do ILG utiliza etnotextos (éditos e inéditos) e gravacións en rexistro formal para as prácticas de galego oral nas clases con alumnado de titulacións de Filoloxía e de Ciencias da Comunicación; e algúns artigos publicados recentemente derivan, en maior ou menor medida, de material de etnotextos do AGO, como son Fernández Rei / Hermida Gulías / Tato Plaza (2004) e Fernández Rei (2004b, 2005, 2007).

Ademais, o material usouse para moi diversas finalidades: hai anos algunha actriz do Centro Dramático Galego acudía ó ILG para escoitar gravacións de falas occidentais con gheada e seseo para preparar a súa personaxe, de igual xeito que alumnado universitario acode a consultar material para traballos academicamente dirixidos ben lingüísticos, ben etnográficos, como foi neste caso un sobre as costureiras presentado no 2006 na Facultade de Ciencias da Comunicación.

A publicación máis salientable (e ata o momento a de maior utilidade e difusión) feita con material dos tres subarquivos de etnotextos do AGO foi o audio-libro *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego*, edición preparada polos autores deste traballo para o Arquivo Sonoro de Galicia do Consello da Cultura Galega (Fernández Rei / Hermida Gulías 1996), do que, ademais de distribuírse en librarías, se fixo unha edición que se lles regalou ás 700 persoas que participaron no congreso dos 25 anos do ILG en setembro do 1996. Na 2ª edición, de 2003, as tres casetes con tres horas de gravación foron substituídas por tres CDs; e no 2004 fíxose unha versión electrónica do libro e dos textos orais para consultar libremente en Internet (www.consellodacultura.org/arquivos/asg/anosafala.php), que no 2005 tivo máis de 15.000 consultas.

Nesa obra figuran textos de diversas épocas e diversas xeracións nos que se pode apreciar a variedade dialectal do galego e á vez se dá unha mostra de como somos e de como estamos no mundo nós outros, os galegos. Como dicía Filgueira Valverde no limiar dese audio-libro, os textos “teñen non só interese como documento lingüístico senón tamén como testemuños da vida mesma: tráxicos unhas veces, festivos outras, intranscendentes outras, pero sempre engaiolantes” (Fernández Rei / Hermida Gulías 1996: 7).

Na transcripción das gravacións de *A nosa fala* procurouse un compromiso entre a claridade necesaria para que un non lingüista poida ler os textos e o rigor preciso para fornecérllle a un lingüista a maior información fonética e fonolóxica posible. Tomouse como base a normativa vixente da lingua galega que elaboraron o ILG e a RAG, pero cunha serie

de particularidades relativas á abertura das vogais de grao medio, á representación da gheada e do seseo e outros fenómenos relevantes do galego oral (Fernández Rei / Hermida Gulías 1996: 11-15).

2. APROVEITAMENTO LÉXICO DO ARQUIVO DO GALEGO ORAL

Para exemplificar o valor e a importancia dos datos contidos no *AGO* centrarémonos nunha comparación entre a información proporcionada polos textos do subarquivo do *ALGa*, unha vez concordados e lematizados e definido o seu léxico, coa proporcionada polos dicionarios máis comúns. Aínda que esta información se podería confrontar coa incluída en calquera obra lexicográfica actual, consideramos que, para que houbera unha certa nivelación, o termo da comparación só podería ser un dicionario que tivese vocación xeneralizadora, que pretendese recoller a totalidade do léxico do idioma con tódalas acepcións que este poida ter.

Na actualidade existen editadas catro obras destas características: o *Dicionário da língua galega* de Isaac Alonso Estravís, publicado pola editorial Sotelo Blanco (Estravís 1995); o *Gran Diccionario Xerais da Lingua*, coordinado por Xosé María Carballeira Anllo e publicado por Edicións Xerais de Galicia (*GDXL* 2000); o *Diccionario de galego* coordinado por Xesús Domínguez Dono, Anxo Xosé Rajó Pazó e Beatriz Varangas González, da editorial Ir Indo (Ir Indo 2004); e o *Gran Diccionario Século 21 da lingua galega*, dirixido por Xosé Antonio Pena para as editoriais Galaxia e Cumio (*GDS XXI* 2005).

Dos catro dicionarios, Ir Indo (2004) e *GDS XXI* (2005) non serven na súa totalidade para o noso propósito, porque se trata de obras que seleccionan só léxico estándar e prescinden do usado noutros modelos de lingua. O Estravís (1995), aínda sendo acumulativo, está realizado cunha concepción lingüística do que é o galego que non concorda coa que rexe este traballo, polo que tampouco resulta lóxico o seu emprego como obra de referencia primaria. Daquela, a comparación realizarase co *GDXL*, aínda que no relativo á información gramatical, ás acepcións e á fraseoloxía tamén teremos en conta as outras tres obras nomeadas.

A confrontación da información obtida dos textos do *ALGa* coa proporcionada polo *GDXL* farémola sobre catro puntos básicos do artigo lexicográfico: a entrada ou lema, a información gramatical, o significado e a fraseoloxía. Nos exemplos usamos exclusivamente os termos léxicos contidos nunha letra de tamaño medio, o R, e prescindimos de palabras gramaticais como determinantes, preposicións e conxuncións.

2.1. Entradas

En función da súa relación co léxico considerado estándar, fundamentalmente o contido no *VOLG*, as palabras dos textos que non se inclúen no *GDXL* poden ser variantes ou derivadas dunha forma común ou ben lemas totalmente novos.

Entre as variantes fonéticas ou morfolóxicas dunha forma común podemos salientar voces como *rastear* (<*rastrear*), *rosucitar* (<*resucitar*), *rótolo* (<*rótulo*), *robanda* (<*rebanda*), *remudo* (<*remuda*), *resido* (<*resío*), *a relentín* (<*a ralenti*), *raír*² (<*raer*).

Ausentes do *GDXL* tamén están formas derivadas doutras comúns, que si teñen o seu espazo nesta obra de referencia. Mostras de voces derivadas son *a rebolazos*, *roulada* ou *rumbante*:

rebolazos, *a loc. adv.* De rebolos, dando voltas: “por a escaleir’ abaixo, un pouco de pê, outro pouc’ a rebolazos” (Calvos-Calvos de Randín³).

roulada *s.f.* Grupo cunhas características semellantes: “andaban todos na roulada” (Ameneiro-Teo).

rumbante *adx.* Rumboso, espléndido, pomposo: “non vin festa tan rumbante coma ela” (Campobecerros-Castrelo do Val).

Tamén anotamos palabras que non gardan relación con ningún dos outros lemas do dicionario e, xa que logo, son totalmente novas:

raspita *s.f.* Aparello do cerco, máis pequeno có do cerco de xareta, que se emprega na pesca de baixura en lugares onde hai pouca auga: “á raspita tómanse moitos muxes” (Fefiñáns-Cambados).

rebisca *s.f.* Cebo para coller peixes que se atopa no propio río debaixo das pedras: “pa pesca-lo peixe, hai a rebisca” (Friol).

rechinchudo,-a *adx.* Repoludo, gordo e ancho por demais: “i-èra gorda i rechinchuda, de gorda xa regañou” (Calvos-Calvos de Randín).

relento,-a *adx.* Pousado, lento: “o corazón sièmpre, relento, triste” (Mourelle-A Pastoriza).

represar *v.t.* Reprender, recriminar: “quedaron amigos, el non represou a mullèr” (A Gudiña).

No caso de *requeté* (*s.m.* Barco de motor pequeno que anda ó cerco da xareta: “hai os requetés, que son os barcos más pequenos”) (Fefiñáns-Cambados), dubidamos se consideralo entrada totalmente nova ou ben

2. Neste caso a forma de referencia, *raer*, non contén o significado que nos textos ten *raír* ‘tensar o aparello para metelo a bordo’: “raír chamámoñe nós metélo a bòrdo, o aparello” (Cambados).
3. Indicamos o lugar e o concello da gravación, agás cando ambos teñan a mesma denominación.

unha extensión de significado, que se produciría no caso de o nome do barco estar motivado pola designación do grupo armado de combatentes de ideoloxía carlista que loitou en diferentes enfrontamentos armados dos séculos XIX e XX.

2.2. Usos gramaticais

Entre a nova información gramatical proporcionada polos etnotextos do *ALGa* pódense salientar os usos adverbiais dos adxectivos *rápido*, *raro* e *regular*⁴ e o uso intransitivo de *receitar*⁵ e *retirar*:

rápido, -a *adv.* **2.** Rapidamente, con celeridade: “queríamos que viñer’ ò cura rápido” (Redondela).

raro, -a *adv.* **4.** Raramente, poucas veces: “vèllos, sarráns, muxes ás veses, è alkhún sentolo raro, tod’ o qu’ encontra” (Fefiñáns-Cambados).

regular *adv.* **2.** Regular, nin ben nin mal: “veño... regular, nada más què regular” (Cabreiros-Xermade).

receitar *vi.* Facer receitas: “o médico cansado de receitar, non sabía nin que ll’ había facer” (Friamonde-A Estrada).

retirar *vi.* **2.** Retirar, coller dun fondo: “había anos que a xente retiraba máis, outros anos retiraba menos” (Lubián). **3.** Parar nunha actividade: “ás sete ast’as dèz ou ás once; logo retiramos” (Caselas-O Rosal).

2.3. Significados

No campo do significado é onde a contribución dos textos é máis salientable. Entre as novas acepcións detectadas aparecen as seguintes:

rabuñar *vi.* **1.** Tocar un obxecto facendo un ruído semellante ó que se realiza ó espetar con forza as uñas: “xa don Climente taba rabuñando á pòrta” (Friamonde-A Estrada).

raiar *vi.* **2.** Limitar: “están aí raiando aí con Portugal” (Lubián)⁶.

rebumbio *s.f.* Importancia, dimensión: “vend’ o rebumbio qu’ a cousa iba tomando” (Friamonde-A Estrada).

recaer *vi.* Pasar por, acudir a: “Vaite mirar a ver se recaeron por alí teus irmáns” (Ameneiro- Teo).

recibir *vi.* Comungar, recibir a hostia: “fasían unha vía cruses è resibía, había comunión” (Fefiñáns-Cambados).

recío *s.m.* Rosada, orballo: “o orballo dese, vamos, qu’ hai pola mañá, tá ese recío qu’ hai así”

4. No Estravís (1995) e no Ir Indo (2004) aparece o uso adverbial de *rápido* e *regular*.

5. No Estravís (1995) está recollido este uso.

6. No *GDS XXI* (2005) recóllese este significado.

(Lubián)⁷.

reliquia *s.f.* Obxecto relacionado co culto a un santo ou lugar sagrado que se garda en lembranza dunha visita: “unhos santos feitos de masa, pòs levaban como reliquias de San Andrés” (Chímparra-Cedeira).

remendar *v.t. 2. fig.* Curar unha ferida sen moitos coñecementos: “alí un remendeiro, qu’ asta n’ o levaron ó médico; remendoull’ a cabeza” (Cabreiros-Xermade).

remendeiro *s.m.* Curandeiro, menciñeiro: “levárono non sei pa donde, alí un remendeiro, qu’ asta n’ o levaron ó médico” (Cabreiros-Xermade).

renunciar *v.i.* Renegar, abxurar: “que renunciaban da relixión católica” (Cerdedo)⁸.

repoñerse *v.p.* Compoñerse, amañarse: “è quedou así todo arruinado. Pèro aora foise repoñendo un algo” (Cabreiros-Xermade).

resaca *s.f.* Mar picado e o seu efecto ó escachar no peirao ou nas pedras do mar ou ó chocaren dúas ondas: “àndisía è mas a resaca chamámosñe nòs ó mar, cand’ è mar picado” (Fefiñáns-Cambados).

responso *s.m.* Recitado similar ás oracións nos oficios de defuntos: “o responso ese que tiña entre San Antonio” (Lubián)⁹.

retraer *v.t.* Reter, gardar na memoria: “a miña memoria vai pasada, non retraio nada xa” (Salcidos-A Guarda).

revisar *v.t.* Inspeccionar: “unque non foran cazadores è revisáronlles” (O Buriz-Guitiriz).

revolver *v.t. 2.* Toldar: “que revòlv’ o río todo” (Caldelas-Tui).

rodeo *s.m.* Roda, círculo, curro: “truxèmos o inghinièro aquí. Fixèmosll’ un rodeo” (San Xíán-O Rosal).

romeu *s.m. 2.* Barba de raposo, alga mariña: “pois nòs o romeu chamabámosñ’ ònha planta, òn esterco” (Fefiñáns-Cambados).

rosario *s.m. 3. p. ext.* Conxunto de cousas iguais que se presentan enfiadas semellando ese obxecto de culto: “rosarios de castañas, cocíamos castañas sin pelare è lògo despois cunh’ àgulla iè fío formaban un rosario” (O Buriz-Guitiriz)¹⁰.

ruín *adx. 2.* Pobre: “o puèblo è ruín; è ruín pèro somos poucos veciños” (Sabuguido-Vilariño de Conso).

rula *s.f. 1.* Aparello eléctrico para poxar o peixe: “aparatiño èlètrico que hai, que, chámánlle precisamente a rula” (Rinlo-Ribadeo). **2.** Lonxa: “da rula non teño más nada que decir” (Rinlo-Ribadeo).

rumbar *v.i.* Ruxir, facer ruído: “os picos tocaron un no outro, è rumbaron” (Lindín-Mondoñedo).

Nalgúns casos non se trata propiamente de novas acepcións, senón de variacións que non quedan perfectamente recollidas no *GDXL*:

7. No Estravís (1995) e no *GDS XXI* (2005) inclúese esta acepción.

8. No Estravís (1995) inclúese este significado.

9. No Estravís (1995) recóllese este significado.

10. No Estravís (1995) documéntase esta acepción.

rabioso,-a *adx.* Moi picante: “xa hai algúns que pican, xa hai quen os mète mui grandes, que se faen rabiosos” (Caselas-O Rosal) [fronte a “que provoca unha sensación desagradable moi intensa”].

rapar *vt.* Cortárle-las crinas ás bestas bravas: “márcanas tódolos anos, è na i-anca, è rápanas” (Cerdedo) [fronte a “cortarlle a la ou o pelo a un animal”].

recria *s.f.* Alimentación e coidado dun animal comprado aínda cría: “ta comprando khaulas metálicas pa, pá recria de coello” (Caselas-O Rosal) [fronte ‘acción e efecto de recriar’; recriar = “continuar criando un animal, proporcionándolle a alimentación adecuada, para o seu total desenvolvemento”]¹¹.

rega *s.f. 2. fig.* Chuvia en tempo de sol continuado: “aquí o que faía falta, que viñera unha règhiña, porqu’ isti é un calor espantoso” (Fornelos-O Rosal) [fronte a “acción e efecto de regar” ou “acción e efecto de mollar ou mollarse”]¹².

2.4. Fraseoloxía

Tocante á fraseoloxía pódese salientar, entre outras, a ausencia no *GDXL* de *dar resultado*, *nin de risas nin de veras*, *polo regular*¹³ e *retorcer o pescozo*.

2.5. Informaci3ns varias

Tres novos casos –moito máis complexos– inciden na importancia de continuar examinando os textos orais para o arrequeamento das obras lexicográficas. Trátase de *raio*, *redondo* e *resultar*.

No primeiro dos casos, o de *raio*, compróbase que faltan no *GDXL*, e tamén nos restantes dicionarios, tres usos diferentes e dúas expresións fixas:

raio *s.m. 1.* Lugar dotado con instrumental para someter un corpo a unha radiación: “tiña que pasar ó... ós raios, a face-la placa” (A Chan-Cotobade). **2.** Seguido da preposición *de* e dun nome, pondera a este positiva ou negativamente: “aquil raio daquel armario empezou a rubir” (Calvos-Calvos de Randín). **3.** Precedido do interrogativo *que* e seguido dun verbo, intensifica o significado do verbo: “¿que raio quererá decir eso da Zocata?” (San Xoán de Tabagón-O Rosal). **Malo raio + partir**, expresión para maldicir: “malo raio part’ ós rátor da condición dar formighas” (Abelán-Salvaterra). **Coma raios**, intensificador da rapidez ou velocidade dunha acción: “os señores albañiles, se axustan algunha òbra andan listos coma raios non hai oficial que os colla” (Friamonde-A Estrada).

11. No *Ir Indo* (2004) recóllese totalmente esta acepción.

12. No *Estravís* (1995) inclúese unha acepción definida como ‘popular’ equivalente a “baño, molla, chuvia”.

13. Esta locución aparece no *GDS XXI* (2005) como equivalente de “común ou regularmente” (*s.v. regular*).

Tocante a *redondo* obsérvase a ausencia dunha das acepcións que ten como adxectivo e a falta do uso como adverbio e dunha locución adverbial¹⁴:

redondo,-a *adx.* **3.** Que non é aguzado e ten forma de semicírculo: “porque tèn a popa, tèn’ así redonda” (Cambados). // *adv.* **4.** Totalmente, completamente: “nada, fallou redondo” (Bonxe-Outeiro de Rei). **En redondo** *loc. adv.* 1) ó redor: “ó mellor un quilómetro ou máis en redondo” (San Xoán de Tabagón-O Rosal); 2) en forma circular: “facendo coro, todo en redondo” (Deixebre-Oroso).

Verbo de *resultar* cómpre indicar que en ningún dos dicionarios analizados se fai mención da existencia do complexo *resulta que*, que se emprega no comezo ou continuación das narracións como fórmula focalizadora:

“resulta qu’ o óutor día estab’ aquí cun amigho” (A Chan-Cotobade).

O máis próximo que documentamos é a indicación que aparece na última acepción de *resultar* do *GDS XXI* (2005) sobre o uso impersonal co valor de “ocorrer algo de repente, de modo imprevisto”.

Desde a década de 1980 avanzouse moito na elaboración de obras lexicográficas e os dicionarios actuais de uso xeral teñen un alto nivel de calidade¹⁵; porén, os exemplos que acabamos de presentar, que son unha pequena escolma, demostran que hai léxico, usos gramaticais, expresións fixas e significados que, mesmo sendo de uso xeral e común, aínda non chegaron ós dicionarios do galego moderno.

Xa que logo, a recompilación de léxico do galego oral como o sinalado, coas súas acepcións, preséntase como un labor necesario para o perfeccionamento de calquera estudo sobre o idioma, pero moi especialmente das obras lexicográficas vindeiras.

3. REMATE

O *Arquivo do Galego Oral* existe mercé á xenerosidade de milleiros de galegofalantes que doaron as súas voces e á xenerosidade de moi diversas persoas que percorreron o dominio lingüístico galego para facer gravacións *in situ* e que algunhas, ademais, realizaron o traballo, moitas veces ingrato, de transcribilas.

14. No *Estravís* (1995) recóllese o valor adverbial e tamén a locución adverbial co primeiro significado.

15. Para os dicionarios posteriores a 1980 pode verse Santamarina (2003c: 32-35).

O obxectivo xeral do proxecto *Arquivo do Galego Oral* do Instituto da Lengua Galega da USC é construír un corpus de interese multidisciplinar para estudar a situación da lingua oral, particularmente as variedades sociais e xeracionais, e á vez contribuír a un mellor coñecemento da sociedade galega a través de moi diversas mostras do patrimonio inmaterial. As metas fundamentais dese proxecto son:

- (1) Inventariar e catalogar todo o material dos subarquivos que o conforman.
- (2) Poñer en Internet coleccións de etnotextos agrupados tematicamente e atendendo á súa distribución en áreas lingüísticas.
- (3) Redactar unha base de datos léxica do galego oral baseada, fundamentalmente, en etnotextos, que tamén se colocará en Internet.
- (4) Actualizar e completar as coleccións de textos e outras gravacións do AGO.
- (5) Poñer na rede o corpus a través dun motor de buscas axeitado ás peculiaridades da lingua oral.

Con este corpus pretendemos que se poidan redactar, entre outros traballos, vocabularios comarcais, léxicos de frecuencias ou estudos sobre a adquisición do estándar desde o punto de vista xeracional. Ademais, queremos fornecer material a lingüistas que traballen a gramática ou a pragmática do galego, pero tamén a outros investigadores alleos á lingüística, particularmente etnógrafos, antropólogos, historiadores e sociólogos, dada a gran diversidade temática dos textos do AGO. Proba desta diversidade son os 18 grandes bloques temáticos (algúns con moi diferentes subtemas) con que clasificamos o material dos anos 90.

Pretendemos, en fin, irle devolvendo á sociedade galega, da maneira máis elaborada posible, un caudal oral que ela xenerosamente nos foi doando.